



Neste número // Asemblea Xeral Ordinaria do Clúster / Constitución da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego / Rafael Fernández, membro do Comité Estratégico de Neurona / Convenio de colaboración co Centro Tecnolóxico CIT /

Os membros do Clúster reuníronse para celebrar a Asemblea Xeral Ordinaria

No transcurso da convención presentouse o plan de actuación a curto e medio prazo. As accións incluídas neste están orientadas a potenciar a internacionalización, a innovación e a competitividade, a formación e a notoriedade dos asociados

O 17 de xuño tivo lugar en Santiago de Compostela a Asemblea Xeral Ordinaria do Clúster, na que asociados e Xunta Directiva avaliaron o traballo realizado ata o momento e aprobaron as actividades que se emprenderán a medio e curto prazo.

Jacobo Bermejo, presidente do Clúster, foi o encargado de abrir o acto e dar a benvida aos asistentes. Antes de comezar co resumo das actividades realizadas nos últimos doce meses, afirmou que "en marzo do pasado ano se iniciaba un camiño baseado na cooperación empresarial que agora estaba a dar os seus froitos".

Desde a constitución do Clúster, en marzo do 2007, comezouse a traballar para mellorar a innovación en produtos e procesos, potenciar o acceso aos mercados nacionais e internacionais, e, en definitiva, para aumentar a competitividade dos asociados.

Jacobo Bermejo presentou o plan de actuación para os próximos meses como un proxecto ambicioso que precisa do apoio de todos os asociados para emprender proxectos de xeito conxunto. Estes están ideados para potenciar a internacionalización, a innovación, a competitividade, a formación e a notoriedade das compañías galegas.

Para impulsar a internacionalización encargárase un estudo de oportunidades de negocio no exterior, fomentaranse os consorcios de exportación e organizaranse diferentes misións comerciais ao exterior.

Co obxectivo de impulsar proxectos de innovación establecerase un programa de bolseiros que inclúe a estandía nas empresas de licenciados en enxeñaría que contribuirán á mellora competitiva das empresas. Ademais promoveranse programas de cooperación e alianzas entre os membros



Chema Díaz, Carlos Docampo, Juan Penas, Jacobo Bermejo e Carlos Del Pulgar, presidiron a Asemblea.

do Clúster e analizarase a viabilidade da constitución dun Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro Galego.

A formación dos directivos das empresas do Clúster será outro dos eixes prioritarios e para iso establecerase un programa formativo enfocado a mellorar as súas capacidades xerenciais.

No ámbito da notoriedade crearase un premio anual de deseño galego, exhibirase o vídeo do Clúster e leva-

rase a cabo unha campaña de comunicación para mellorar a percepción das empresas gráficas, editoriais e publicitarias nos diferentes mercados. Ademais, recentemente púxose en marcha a páxina web corporativa: www.clustergrafico.com e continuarase coa edición deste boletín.

No transcurso da asemblea tamén se fixaron as cotas de entrada para novos asociados ao Clúster e aprobáronse as contas do pasado ano e o orzamento para o presente.

/ Constitúese a Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego /

Desde o novo organismo, presidido por Rafael Fernández, promoveranse proxectos de I+D+i, impulsados polos membros do Clúster e os distintos socios tecnolóxicos

O Clúster celebrou o pasado 17 de xuño a asemblea de constitución da súa plataforma tecnolóxica. Á cita acudiron máis de trinta empresarios dos distintos eslavóns da cadea de valor do produto gráfico e do libro galego, así como representantes de organizacións privadas e institucións galegas interesadas en adherirse ás distintas actuacións que se levarán a cabo.

A Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego ten como principal obxectivo fomentar e producir sinerxías entre os axentes galegos interesados no deseño, produción e comercialización

do produto gráfico e do libro, para participar na planificación do I+D+i do sector en Galicia e posicionalo como líder entre os sectores estratéxicos galegos, así como facilitar a súa entrada en novos mercados. Desde a plataforma tamén se estudará a viabilidade da creación dun Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro Galego.

“Principal obxectivo fomentar e producir sinerxías entre os axentes galegos interesados no deseño”

Na asemblea constituíntese elixiuse a Rafael Fernández, director xeral de

Grafoplas del Noroeste, como presidente da plataforma e decidiuse que o seu Comité Executivo estea conformado polos membros da Xunta Directiva do Clúster.

Neste acto tamén se presentou a Axenda Estratéxica de Investigación (AEI). Nela recóllense cinco liñas de traballo prioritarias, das que derivarán os distintos proxectos. Este documento atópase dispoñible na páxina web da plataforma www.ptgrafica.com, na que tamén se recolle información actualizada dos distintos grupos de traballo e noticias de interese sobre o mercado.

Tres grupos de traballo para promover a innovación

Actualmente xa se constituíron tres grupos de traballo, conformados por asociados ao Clúster e socios tecnolóxicos, para desenvolver distintas actuacións. Un deles emprégase a fondo no proxecto “o libro galego na rede” que pretende crear unha plataforma para distribuír libros impresos e dixitalizados a través da Internet, ademais de ofrecer a posibilidade de promoción, impresión e distribución baixo demanda destes.

Outro eixe no que traballan os empresarios galegos é na mellora dos procesos e técnicas de xestión. Así, se levarán a cabo actuacións relacionadas coa estandarización da cor e as diferentes ferramentas para optimizar os fluxos de traballo. O obxectivo é que as empresas que cumpran cunha serie de requisitos, obteñan un selo de Garantía Gráfica Galega (GGG) que outorgará aos seus produtos unha distinción de calidade e fiabilidade.

“Etiquetas RFID “

Un terceiro grupo céntrase no desenvolvemento de tecnoloxías aplicadas ao proceso produtivo. Un exemplo son as etiquetas RFID, unha ferramenta de identificación por radiofrecuencia que ofrecerá información actualizada sobre o mercado de produtos.



De esquerda á dereita: Álvaro Gómez, da secretaria técnica da Plataforma, Juan Penas, xerente do Clúster, Jacobo Bermejo, presidente do Clúster, e Julio García-Maroto, director do Centro Tecnolóxico CIT



Rafael Fernández, presidente da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego

/ Rafael Fernández forma parte do Comité Estratéxico de Neurona /

No novo órgano intégranse as 14 plataformas tecnolóxicas galegas, entidades bancarias e financeiras, os centros e parques tecnolóxicos e a Consellería de Innovación e Industria

A Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas Neurona conta xa cun órgano que se encargará de deseñar e de orientar a estratexia da rede, definindo o seu plan de acción.

A constitución do novo comité tivo lugar o pasado 11 de xullo nunha xornada presidida polo director xeral de I+D+i, Salustiano Mato, quen informou aos asistentes dos obxectivos e funcións deste.

“Membros do comité “

Rafael Fernández, presidente da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego, é un dos membros que compoñen o comité. Xunto a el estarán representantes da Consellería de Industria, das plataformas tecnolóxicas galegas, da entidade de capital risco Xesgalicia, da rede de centros tecnolóxicos galegos Retgalia, das entidades financeiras Caixanova e Caixa Galicia e dos parques Tecnolóxicos. Todos eles encargaranse de comunicar as necesidades da rede e dos seus asociados á dirección xeral de I+D+i.

Ademais de constituir o Comité Estratéxico de Neurona, o obxectivo da xornada celebrada en Santiago foi reforzar a colaboración transversal entre as distintas plataformas e crear vías de cooperación tecnolóxica e financeira entre elas. Con este fin, celebráronse diferentes obradoiros de traballo interno para que as plataformas establecesen vías de cooperación segundo as súas áreas de interese.

Proxectos coa Plataforma das TIC e a do Audiovisual

Jacobo Bermejo e Juan Penas compartiron mesa con representantes da Plataforma Vindeira, do clúster das TIC, e da Plataforma i+dea, do clúster do Audiovisual. O obxectivo desta reunión, na que se organizaron pequenos grupos de traballo, foi identificar áreas de negocio comúns para poder



Imaxe dun momento da mesa de traballo cos representantes do Clúster das TIC e do Audiovisual

desenvolver proxectos de xeito conxunto.

Bermejo acordou que se podería colaborar coa plataforma Vindeira para crear unha tenda electrónica do produto cultural galego; un proxecto de minidicións no que se idearía unha especie de impresora virtual que estaría conectada coas imprentas; e en desenvolver un novo hardware de lectura, novas interfaces e tinta electrónica. Ademais a agrupación empresarial das TIC colaborará connosco no proxecto do libro galego na rede.

Por outra banda, Juan Penas reuniuse con membros do clúster do Audiovisual porque coas sinerxías que existen con este sector se podería traballar de xeito conxunto para promover proxectos de publicidade interactiva, novos soportes de comunicación e sistemas crossmedia.

Nos próximos meses continuarán os contactos e invitarase a representantes destes clústers a participar nas reunións dos grupos de traballo da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego.

Reunión no CDTI

Juan Penas trasladouse a Madrid para manter distintas reunións de traballo con responsables do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Unha delas foi con Antonio Gómez, director do departamento de Impulso á Innovación Internacional do CDTI, para expoñerlle o plan de actuación previsto para as áreas de innovación e internacionalización e solicitar o seu apoio aos proxectos que xurdan dentro da Plataforma Tecnolóxica do Clúster

Dentro do marco internacional falouse dunha nova clasificación á que no futuro debemos aspirar: ser rexistrados en Bruxelas como JTI (Joint Technology Initiatives).

En setembro resolverase a nosa candidatura a ser unha AEI

O xerente do Clúster tivo un encontro con Gervasio Cordero, subdirector xeral de recursos ás PEMES do Ministerio de Industria, no que lle explicou a nosa necesidade estratéxica de estar rexistrado como Agrupación Empresarial Innovadora (AEI). Tamén aproveitou para expoñerlle o noso desexo de crear un Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro Galego, proxecto que xa presentamos acolléndonos ao programa Crea.

Gervasio Cordero comprometeuse a informarnos da evolución dos devanditos expedientes, a resolución dos cales se emitirá na segunda semana de setembro.

Centro de Novas Tecnoloxías de la Consellería de Traballo

Alfonso Blasco, director do Centro de Novas Tecnoloxías que a Consellería de Traballo inaugurarán en setembro, reuniuse con Jacobo Bermejo e con Juan Penas para concretar futuras actuacións conxuntas previstas para o segundo semestre do 2009.

O Clúster comprometeuse a realizar un programa formativo, así como un estudo de viabilidade e custos do que suporá a devandita actuación. Este documento presentáraselle a finais de xullo nunha reunión a Pastor Fuenteseca, director xeral de Formación e Colocación.

/ O Clúster asina un convenio de colaboración co Centro Tecnolóxico CIT /



As instalacións da Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Madrid (AGM) acolleron o pasado 9 de xullo a sinatura do convenio de colaboración entre o Clúster e o Centro Tecnolóxico CIT.

Jacobo Bermejo e Juan Penas reuníronse con Pedro Cuesta, presidente do CIT, e con Julio García-Maroto, director xeral do CIT, para establecer os acordos dos que se beneficiarán os asociados de ambas as dúas entidades.

A sinatura deste convenio de colaboración ten como obxectivo enmarcar e coordinar a actuación do CIT e o Clúster en transferencia de coñecemento, en intercambios de información, prestación de servizos de formación, e en contribuír a mellorar a competitividade das empresas do sector gráfico galego.

O Clúster acordou asociarse ao CIT e informalos dos proxectos resultantes da plataforma tecnolóxica que teñan relación co seu eido de actuación, para que poidan

achegar propostas axeitadas ás distintas accións.

Pola súa banda, o CIT comprometeuse a asociarse ao noso Clúster e a informarnos dos proxectos que desenvolvan nas áreas de competitividade, innovación e formación, por se fosen do interese dos nosos asociados.

Este convenio, que xa entrou en vigor, ten unha vixencia de dous anos prorrogables por anualidades, salvo que algunha das partes comunique á outra o contrario.

Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:
Teléfono: **981 568 969** / Fax: **981 568 993**

Enderezos electrónicos:

juanpenas@clustergrafico.com (Xerente) / **comunicacion@clustergrafico.com** (Prensa) / **cluster@clustergrafico.com** (Xeral)